

Universidade de Vigo

Campus de Pontevedra

Licenciatura en COMUNICACIÓN AUDIOVISUAL

CIENCIAS SOCIAIS E XURÍDICAS

LICENCIATURA EN COMUNICACIÓN AUDIOVISUAL

As ensinanzas conducentes á obtención do título de licenciado en Comunicación Audiovisual proporcionan unha formación especializada na creación de historias e guións para televisión, radio, cine e vídeo, e afondan tamén nos signos e símbolos da comunicación visual e auditiva. As novas tecnoloxías son, tamén, unha parte importante destes estudos. O fin último da titulación é proporcionarlles aos estudantes as ferramentas necesarias para planificar, conceptualizar, deseñar e executar obras e programas en calquera soporte audiovisual. Trátase, polo tanto, de formar profesionais capaces de dirixir emisoras de radio, televisión ou produtoras de cine, desempeñar cargos de produción en televisión, postos técnicos de imaxe e son e outros vinculados co cine e co vídeo.

MERCADO DE TRABAJO

As saídas profesionais para os licenciados en Comunicación Audiovisual diríxense maiormente ao cine, á televisión e á radio (director, realizador, guionista, produtor, editor etc.). Así mesmo, poden traballar en calquera empresa dentro do departamento de comunicación, en sectores como publicidade e internet, ou nos gabinetes de prensa de organismos públicos e de grandes empresas, nos que realizan funcións de comunicación interna e externa. As profesións máis frecuentes derivadas desta licenciatura son as seguintes: director de cine, guionista, produtor, realizador, presentador de programas de televisión, produtor responsable de cámara, analista de guión e de fotografía, montador, editor, encargado de fotografía, de son, de vestuario e de efectos especiais en películas e programas de televisión, así como responsable de prensa e organismos públicos e privados.

ACCESO

A estes estudos pódese acceder desde:

- Todas as opcións de COU.
- Todas as opcións de bacharelato LOXSE.

Ciclos formativos de grao superior de FPE das familias:

- Comunicación, Imaxe e Son (todas as especialidades).

Ramas e especialidades de FP2:

- FP2 rama Imaxe e Son (todas as especialidades).

PASARELAS

Accédese directamente ao 2º ciclo deste título desde:

- 1º ciclo da Licenciatura en Xornalismo.
- 1º ciclo da Licenciatura en Publicidade e Relacións Públicas.

Accédese, mediante complementos de formación, ao 2º ciclo deste título desde:

- Calquera titulación de 1º ciclo.
- 1º ciclo de calquera titulación.

Co 1º ciclo deste título accédese directamente ao 2º ciclo de:

- Licenciatura en Antropoloxía Social e Cultural.
- Licenciatura en Publicidade e Relacións Públicas.
- Licenciatura en Xornalismo.

Co 1º ciclo deste título accédese, mediante complementos de formación, ao 2º ciclo de: Licenciatura en Humanidades, Licenciatura en Tradución e Interpretación, e aos títulos de só 2º ciclo: Licenciatura en Documentación, Licenciatura en Estudos de Asia Oriental, Licenciatura en Historia e Ciencias da Música, Licenciatura en Lingüística e Licenciatura en Teoría da Literatura e Literatura Comparada.

